

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN02	Próteses dentais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0858	Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas	2023/2024	0	210	0
MP0858_23	Soldaduras e próteses mixtas	2023/2024	0	30	0
MP0858_33	Montaxe de dentes e acrílicos	2023/2024	0	33	0
MP0858_13	Deseño, enceramento e estruturas metálicas	2023/2024	0	147	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MONTSERRAT PEREIRA POMBRIEGO
Outro profesorado	

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación
2.1. Primeira parte da proba
2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0858_23) RA1 - Solda elementos metálicos, para o que selecciona as técnicas de soldaxe.
(MP0858_33) RA1 - Monta pezas dentarias sobre bases metálicas, con interpretación dos requisitos técnicos.
(MP0858_13) RA1 - Realiza o modelado en cera, para o que interpreta as técnicas de traballo.
(MP0858_13) RA2 - Elabora a base metálica por coada a cera perdida, tendo en conta a relación entre a técnica específica e a aliaxe utilizada.
(MP0858_33) RA2 - Polimeriza os elementos de resina sobre as estruturas metálicas, con interpretación de procedementos técnicos.
(MP0858_23) RA2 - Incorpora compoñentes de próteses mixtas ou retedores forxados á estrutura, seleccionando os medios de suxeición.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0858_23) CA1.1 Seleccionouse o tipo de soldadura para cada aliaxe.
(MP0858_13) CA1.1 Identifícanse características do modelo no paralelómetro.
(MP0858_23) CA1.2 Delimitouse a área de soldadura para garantir a resistencia.
(MP0858_13) CA1.2 Determinouse o eixe de inserción da prótese.
(MP0858_13) CA1.3 Deseñáronse os elementos retentivos, recíprocos e estabilizadores, e os conectadores maiores e menores.
(MP0858_33) CA1.4 Comprobouse que se cumplan os principios da oclusión.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0858_13) CA1.4 Alivíouse o modelo mestre.
(MP0858_23) CA1.8 Utilizáronse equipamentos de protección para soldadura.
(MP0858_13) CA1.8 Incorporouse o número de bebedoiros do calibre e da lonxitude apropiados á estrutura deseñada.
(MP0858_33) CA1.8 Realizouse o proceso con precisión, orde e método.
(MP0858_13) CA1.9 Deseñáronse e elaboráronse próteses parciais removibles metálicas e próteses mixtas mediante programas de deseño asistido por computador.
(MP0858_23) CA2.1 Seleccionáronse os elementos secundarios das ancoraxes.
(MP0858_13) CA2.1 Descríbóronse os tipos de aliaxes e revestimentos.
(MP0858_13) CA2.2 Determináronse as proporcións e o tempo de fraguado do revestimento.
(MP0858_33) CA2.6 Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.
(MP0858_33) CA2.8 Remontáronse as próteses no articulador e revisouse a oclusión.
(MP0858_13) CA2.10 Xustificouse a aplicación de protocolos de prevención de riscos.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0858_23) RA1 - Solda elementos metálicos, para o que selecciona as técnicas de soldaxe.
(MP0858_33) RA1 - Monta pezas dentarias sobre bases metálicas, con interpretación dos requisitos técnicos.
(MP0858_13) RA1 - Realiza o modelado en cera, para o que interpreta as técnicas de traballo.
(MP0858_13) RA2 - Elabora a base metálica por coada a cera perdida, tendo en conta a relación entre a técnica específica e a aliaxe utilizada.
(MP0858_33) RA2 - Polimeriza os elementos de resina sobre as estruturas metálicas, con interpretación de procedementos técnicos.

Resultados de aprendizaxe do currículo

(MP0858_23) RA2 - Incorpora compoñentes de próteses mixtas ou retedores forxados á estrutura, seleccionando os medios de suxeición.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado
Criterios de avaliación do currículo

(MP0858_23) CA1.1 Seleccionouse o tipo de soldadura para cada aliaxe.

(MP0858_13) CA1.1 Identifícaronse características do modelo no paralelómetro.

(MP0858_33) CA1.1 Seleccionáronse as pezas dentarias.

(MP0858_23) CA1.2 Delimitouse a área de soldadura para garantir a resistencia.

(MP0858_13) CA1.2 Determinouse o eixe de inserción da prótese.

(MP0858_33) CA1.2 Montáronse os modelos en articulador.

(MP0858_23) CA1.3 Preparouse e desengraxouse a área que se vaía soldar mediante chorreamento con óxido de aluminio.

(MP0858_13) CA1.3 Deseñáronse os elementos retentivos, recíprocos e estabilizadores, e os conectadores maiores e menores.

(MP0858_33) CA1.3 Articuláronse os dentes sobre a estrutura metálica.

(MP0858_23) CA1.4 Realizáronse modelos de revestimento para unir as partes que se vaian soldar.

(MP0858_13) CA1.4 Aliviouse o modelo mestre.

(MP0858_33) CA1.4 Comprobouse que se cumpran os principios da oclusión.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0858_23) CA1.5 Procedeuse a realizar a soldadura por medio de soprete ou doutro tipo de maquinaria.
(MP0858_13) CA1.5 Reproduciuse o modelo mestre en revestimento.
(MP0858_33) CA1.5 Realizouse unha montaxe atendendo a criterios estético-funcionais.
(MP0858_23) CA1.6 Recortouse o exceso de material.
(MP0858_13) CA1.6 Modelouse en cera a base, os conectadores e os retentores.
(MP0858_33) CA1.6 Confeccionouse a retención da peza dentaria.
(MP0858_23) CA1.7 Repasouse e puíuse a superficie.
(MP0858_13) CA1.7 Confeccionáronse os conectadores menores.
(MP0858_33) CA1.7 Modeláronse en cera as bases de zonas edéntulas.
(MP0858_23) CA1.8 Utilizáronse equipamentos de protección para soldadura.
(MP0858_13) CA1.8 Incorporouse o número de bebedoiros do calibre e da lonxitude apropiados á estrutura deseñada.
(MP0858_33) CA1.8 Realizouse o proceso con precisión, orde e método.
(MP0858_13) CA1.9 Deseñáronse e elaboráronse próteses parciais removibles metálicas e próteses mixtas mediante programas de deseño asistido por computador.
(MP0858_13) CA1.10 Realizouse o proceso con precisión, orde e método.
(MP0858_23) CA2.1 Seleccionáronse os elementos secundarios das ancoraxes.
(MP0858_33) CA2.1 Confeccionáronse frontes de silicona ou escaiola para reproducir as bases de cera e suxeitar os dentes protésicos.
(MP0858_23) CA2.2 Confeccionouse a estrutura.
(MP0858_33) CA2.2 Acondicionáronse as pezas dentarias e eliminouse a cera.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0858_23) CA2.3 Incorporáronse as ancoraxes á estrutura.
(MP0858_13) CA2.3 Realizouse o proceso de inclusión en revestimento.
(MP0858_33) CA2.3 Vernizouse a superficie do modelo.
(MP0858_23) CA2.4 Comprobouse a posición mediante o paralelómetro.
(MP0858_13) CA2.4 Programouse o forno de prequentamento e o depurador de fumes.
(MP0858_33) CA2.4 Preparouse a mestura de acrílico autopolimerizable.
(MP0858_23) CA2.5 Confeccionáronse modelos de revestimento para unir as partes que cumpra soldar.
(MP0858_13) CA2.5 Fundiuse a aliaxe metálica seguindo protocolos de tempo e de temperatura.
(MP0858_33) CA2.5 Enchéronse coa técnica de vertido as frontes de silicona.
(MP0858_23) CA2.6 Confeccionáronse retentores mediante arame forxado.
(MP0858_13) CA2.6 Utilizouse maquinaria de coada.
(MP0858_33) CA2.6 Establecéronse as condicións de presión, temperatura e tempo da polimerizadora.
(MP0858_23) CA2.7 Confeccionáronse retentores mediante coada ou por sistemas de inxección.
(MP0858_13) CA2.7 Cortáronse os bebedoiros e chorráronse con area as superficies metálicas.
(MP0858_33) CA2.7 Puíuse e abrillantouse a prótese con instrumentos e maquinarias adecuados.
(MP0858_23) CA2.8 Soldáronse e fixéronse os elementos secundarios á estrutura metálica.
(MP0858_13) CA2.8 Repasouse a superficie do metal e aplicouse o baño electrolítico.
(MP0858_33) CA2.8 Remontáronse as próteses no articulador e revisouse a oclusión.

Criterios de avaliación do currículo

(MP0858_33) CA2.9 Aplicouse a lexislación no tratamento de residuos e protección ambiental.

(MP0858_13) CA2.9 Puíuse e abrillantou a superficie metálica.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**MINIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACION POSITIVA .**

Os CA considerados mínimos son os que se indican nas respectivas unidades didácticas desta programación, que están tamén recollidos no Decreto 217/2012, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Próteses Dentais.

CRITERIOS DE CUALIFICACION

-As probas libres de cada módulo consistirán en dúas partes; a primeira delas atenderá aos criterios de avaliación do currículo do módulo relacionados cos coñecementos teóricos, e a segunda deseñárase para cubrir os coñecementos prácticos. Cada unha destas partes terán carácter eliminatorio e consistirá a primeira proba nun exame tipo test e preguntas curtas ,será preciso un mínimo de 5 puntos para ter superada a proba.

A segunda proba será práctica cunha valoración de 0 a 10,necesitando un mínimo de 5 puntos para poder superala.

- A cualificación final obtida para cada aspirante en cada módulo será numérica, entre un e dez, sen decimais, correspondendo coa media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada en números enteiros e redondeada a unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación final que poderá asignarse será como máximo de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento**4.a) Primeira parte da proba****INSTRUCCIONS XERAIS**

-Rógase máxima puntualidade e infórmase que unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula.

-Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.

- Para o acceso á aula onde se realizarán as probas, deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión.
- Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos.
- Sobre a mesa, soamente o material necesario e indicado para a realización dos exercicios.
- Uso de bolígrafo azul ou negro. Non está permitido o uso de lapis para marcar as respostas.
- Ante calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levantar a man e será atendido polo profesorado.
- Se necesita un certificado de asistencia, solicíteo á comisión.
- Queda totalmente prohibido sacar da aula o exercicio. Os exercicios deberán ser entregados completos ao profesorado.
- Material para a proba: bolígrafo azul ou negro.

Consistirá na realización dunha proba escrita de preguntas cortas e tipo test.

A proba terá unha duración dunha hora e media.

4.b) Segunda parte da proba

INSTRUCCIONS XERAIS

- Rógase máxima puntualidad e infórmase que unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.
- Para o acceso á aula onde se realizarán as probas deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión.
- Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos.
- Sobre a mesa, soamente o material necesario e indicado para a realización dos exercicios.
- Ante calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levantar a man e será atendido polo profesorado.
- Se necesita un certificado de asistencia, solicíteo á comisión.

Consistirá na realización dunha proba práctica sobre os contidos de dita proba; puntuarase de 0-10 puntos.

A proba terá unha duración de 2 horas e media.